



Intervención da presidenta do Parlamento de Galicia na presentación do libro “Constitución política da Monarquía española promulgada en Cádiz o 19 de marzo de 1812”, en versión galega

Parlamento de Galicia, 9 de xaneiro de 2013

Membros da Mesa e Portavoces do Parlamento de Galicia,
Valedor do Pobo,
Conselleiro Maior,
Presidenta do Consello Consultivo,
Membros do Plenario do Consello da Cultura Galega,
Diputados e Diputadas,
Señoras e señores,

A Carta Magna de Cádiz é un rutilante pórtico ao noso constitucionalismo e un sólido punto de partida para o modelo parlamentario que, co decorrer do tempo, alumeará o actual sistema democrático.

Pese a guerra que se libraba contra o invasor francés, as Cortes Gaditanas fixeron unha aposta pola modernidade e ofreceron un texto que deixou unha relevante pegada no noso imaxinario colectivo. Agora, 200 anos despois da súa aprobación, é de xustiza seguir recoñecendo publicamente o seu labor.



Os principios do texto constitucional de 1812 esténdense na cosmovisión democrática: a soberanía nacional, a división de poderes, a igualdade, a representación, a liberdade... Esta densidade de contido permitiulle ao documento de Cádiz sentar a base dos modernos sistemas constitucionais que, xa no século XX, foron quen de avanzar cara a calidade democrática, o pluralismo e a participación.

Por todo isto, é de agradecer a magnífica idea do Consello da Cultura Galega de editar o libro que agora presentamos. Trátase dunha fermosa e coidada obra, coordinada polo rigor académico dos profesores Ramón Maiz e Ramón Villares, que contén a versión en galego e castelán do texto de 1812, un apéndice de fontes e bibliografía de Lourdes Pérez, un revelador texto inicial (a modo de prólogo) do citado profesor Villares e os estudos científicos de altura dos profesores Roberto Blanco Valdés e Ramón Maiz.

Entre os deputados peninsulares e americanos elixidos para se reuniren nas cortes constituíntes de 1810 houbo 25 galegos. Deles 3 foron presidentes daquelas Cortes: o compostelá Benito Ramón Hermida Maldonado, por ser o deputado de máis idade; Luis Rodríguez del Monte, elixido pola provincia



de Betanzos; e Antonio Payán, procedente da circunscrición da Coruña.

En distintas cidades e vilas galegas esta Carta Magna foi proclamada e lida en público, en medio de celebracións festivas e simbólicas procesións cívicas. O texto tivo unha relevante acollida no eido socio político e ideolóxico na nosa terra. Foi por iso moi oportuno facer a tradución a lingua galega que se recolle no volume que estamos a presentar.

Agustín de Argüelles, no seu excelente Discurso Preliminar á Constitución de 1812, indicaba que “el principal carácter de una Constitución ha de ser la estabilidad derivada de la solidez de los principios en que reposa”. Non cabe dúbida que na súa época non alcanzou tal estabilidade. As circunstancias impedírono. Porén, o paso do tempo converteu o documento gaditano nun referente inescusable da conciencia xurídico-política de España, de Europa e de América. A historia, polo tanto, dotou de pleno valor a citada afirmación de Agustín de Argüelles.

Moitas grazas,